

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 15 DE ABRIL DE 2019.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E CINCO MINUTOS** do día **QUINCE DE ABRIL DE DOUS MIL DEZANOVE**, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde **MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**, reúnese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia do tenente de Alcalde **KLAUS BREY MONTAÑA** e os concelleiros **ANA LUISA GONZÁLEZ COSTA, JESUS TABOADA LÁZARA** e **Mª del PILAR PEÓN IGLESIAS**.

Interventor da Corporación: **LEOPOLPO MOURE DOPICO**
Secretario da Corporación: **DAVID GARCÍA LAREO (Secretario accidental)**.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1º.- **CONTRATOS MENORES.**
- 2º.- **EXPTE. 699/2019. CONVENIO COA ASOCIACIÓN SAN FÉLIX DE MARGARIDE.**
- 3º.- **PLAN DE AXUDA MUNICIPAL A EMPRENDEDORES.**

1º.- **CONTRATOS MENORES.**

1.1.- Expte. 727/2019. Mellora de varios camiños en Silleda: Camiño ramal o campo de MBC; Camiño Negreiriños; Camiño Rioboo.

ANTECEDENTES. O artigo 118 da LCSP considera contratos menores os de obras por importe inferior a 40.000 euros. Estes contratos poderán adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar/contratar, que conte coa habilitación profesional necesaria, e co cumprimento, segundo dispón o artigo 118 da LCSP, das condicións que seguen:

- Que non existen prestacións adjudicadas ou pendentes relacionadas co obxecto deste contrato que conxuntamente con este afecten ao procedemento de contratación.
- Que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais da contratación.
- Que a empresa seleccionada non foi adjudicataria doutros contratos menores que individual ou conxuntamente superen os límites recollidos no artigo 118.

Co obxecto de proceder a dita contratación solicitouse oferta a CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L., a cal presenta en data 12 de abril de 2019 un orzamento de 39.865,10 € mais 8.371,67 € de IVE, o que fai un total de 48.236,77 €.

Polo exposto, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

1º.- **Adjudicar** o contrato menor de **“MELLORA DE VARIOS CAMIÑOS EN SILLEDA: CAMIÑO RAMAL O CAMPO DE MBC; CAMIÑO NEGREIRIÑOS; CAMIÑO RIOBOO”** a empresa CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L., por importe total de **48.236,77 €** – IVE incluído por valor de 8.371,67 € e base imponible 39.865,10 €.

2º.- Dar traslado deste acordo o adxudicatario e a Intervención municipal.

1.2.- Expte. 728/2019. Mellora de varios camiños en el Concello de Silleda: Camiño Cortegada; Camiño Ponte da Pedra; Camiño Toxa.

ANTECEDENTES. O artigo 118 da LCSP considera contratos menores os de obras por importe inferior a 40.000 euros. Estes contratos poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar/contratar, que conte coa habilitación profesional necesaria, e co cumprimento, segundo dispón o artigo 118 da LCSP, das condicións que seguen:

- Que non existen prestacións adxudicadas ou pendentes relacionadas co obxecto deste contrato que conxuntamente con este afecten ao procedemento de contratación.
- Que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais da contratación.
- Que a empresa seleccionada non foi adxudicatario doutros contratos menores que individual ou conxuntamente superen os límites recollidos no artigo 118.

Co obxecto de proceder a dita contratación solicitouse oferta a MATANZAS Y TABOADA, S.L., a cal presenta en data 12 de marzo de 2019 un orzamento de 39.869,17 € mais 8.372,53 € de IVE, o que fai un total de 48.241,70 €.

Polo exposto, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

1º.- **Adxudicar** o contrato menor de “**MELLORA DE VARIOS CAMIÑOS EN EL CONCELLO DE SILLEDA: CAMIÑO CORTEGADA; CAMIÑO PONTE DA PEDRA; CAMIÑO TOXA**” a empresa MATANZAS Y TABOADA, S.L., por importe total de **48.241,70 €** – IVE incluído por valor de 8.372,53 € e base imponible 39.869,17 €.

2º.- Dar traslado deste acordo o adxudicatario e a Intervención municipal.

1.3.- Expte. 729/2019. Pavimentación de Vial en Refoxos, Silleda.

ANTECEDENTES. O artigo 118 da LCSP considera contratos menores os de obras por importe inferior a 40.000 euros. Estes contratos poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar/contratar, que conte coa habilitación profesional necesaria, e co cumprimento, segundo dispón o artigo 118 da LCSP, das condicións que seguen:

- Que non existen prestacións adxudicadas ou pendentes relacionadas co obxecto deste contrato que conxuntamente con este afecten ao procedemento de contratación.
- Que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais da contratación.
- Que a empresa seleccionada non foi adxudicatario doutros contratos menores que individual ou conxuntamente superen os límites recollidos no artigo 118.

Co obxecto de proceder a dita contratación solicitouse oferta a FERNANDO PENA CARAMÉS, a cal presenta en data 09 de abril de 2019 un orzamento de 25.094,11 € mais 5.269,76 € de IVE, o que fai un total de 30.363,87 €.

Polo exposto, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

1º.- Adjudicar o contrato menor de **“PAVIMENTACIÓN DE VIAL EN REFOXOS, SILLEDA”** a empresa FERNANDO PENA CARAMÉS, por importe total de **30.363,88 €** – IVE incluído por valor de 5.269,76 € e base imponible 25.094,11 €.

2º.- Dar traslado deste acordo o adxudicatario e a Intervención municipal.

2º.- EXPTE. 699/2019. CONVENIO COA ASOCIACIÓN SAN FÉLIX DE MARGARIDE.

Polo Sr. Alcalde-Persidente dase conta do convenio asinado entre o Concello de Silleda e a Asociación San Félix de Margaride, que transcríbese a continuación:

"En Silleda, a día 12 de Abril de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, Don MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ, en calidade de Alcalde-Presidente do Concello de Silleda con DNI 52481441H

De outra parte, Dona LUCÍA IGLESIAS MÉNDEZ, veciña de Silleda, con domicilio a efectos de notificacións en O Espiño, 13 Margaride, en posesión de DNI 77402569W, actuando a en calidade de presidenta da ASOCIACION DE VECIÑOS SAN FÉLIX, con CIF G941592266

Ambas-las dúas partes recoñécense mutuamente capacidade abonda para suscribir o presente documento, e na representación que cada un ostenta .

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito (art. 49 c) Lei 40/2015)

O presente convenio ten por obxecto establecer a colaboración entre as partes otorgantes a fin de regular o contido nos seguintes expoñendos.

SEGUNDO .- A ASOCIACION DE VECIÑOS SAN FÉLIX ten a intención de executar unha actuación para restauración da IGREXA DE SAN FIZ que na actualidade atópase en precarias condicións. Para elo solicitou unha subvención a AGADER ao abeiro da Resolución do 14 de decembro de 2018 pola que se convocan, mediante tramitación anticipada de gasto, subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2, Apoio para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local participativo, da medida Leader do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, para as anualidades 2019 e 2020, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural.

TERCEIRO.- O Concello de Silleda, en aras á colaborar coa asociación, e a tal efecto, encargou a redacción dun proxecto ao arquitecto ABRAHAM CASTRO NEIRA, nº Colexiado COAG, que procedeu á redacción daquel.

As obras de restauración consistirán na limpeza de fachadas, reparación de campanario, carpintería, enlucidos, reparación de cuberta, arranxo de escaleira exterior. A tal fin, levan a efecto o presente acordo, segundo as seguintes

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Obrigas e compromisos económicos asumidos palas partes (art. 49 d) Lei 40/2015)

A ASOCIACION DE VECIÑOS SAN FÉLIX destinará a cantidade subvencionada por AGADER a costear a obra denominada REHABILITACIÓN IGREXA DE SAN FIZ, cun orzamento total, ive incluído, que ascende á 49.559,18 €

O Concello de Silleda asumirá o coste da redacción do proxecto e o seu visado, se fose necesario, así como os honorarios de dirección de obra, coordinación de seguridade e saúde, e elaboración de documentación final que por mor da execución das obras poidera derivarse. O Concello de Silleda xa abonou ao arquitecto redactor a cantidade de 691,09 €, quedando pendente a día de hoxe, por todos os conceptos, a cantidade de 1.753 €

SEGUNDA.- Consecuencias por incumprimentos das obrigas e compromisos asumidas polas partes (art. 49 e) de la Lei 40/2015)

O incumprimento por parte de calquera das partes das súas obrigas dará lugar la correspondente indemnización, sen prexuízo da posible resolución do mesmo.

TERCEIRA.- Mecanismos de seguemento, vixilancia e control de execución do convenio e dos compromisos adquiridos (art. 49 f) de la Lei 40/2015)

O seguimento, vixilancia e control de execución do convenio e dos compromisos adquiridos se realizará pola comisión de control de acordo co seguinte.

a) Esta comisión será o canle para a cooperación entre as partes asinantes e para a resolución dos problemas de interpretación e seguimento e control da execución do convenio e de cumprimento dos compromisos asumidos.

b) A comisión de control terá a seguinte composición.

Presidente: Representante do Concello de Silleda

Secretario: 1 funcionario

Vocais: un funcionario e o presidente e o secretario da asociación

c) Forma de adopción de acordos.

Os acordos adoptaranse por maioría simple.

CUARTA.- Réxime de modificación do convenio (art. 49.g) da Lei 40/2015)

A modificación do convenio requirirá acordo das partes firmantes.

QUINTA.- Prazo de vixencia do convenio (art. 49.h) da Lei 40/2015)

O convenio estará vixente dende a súa sinatura ata o término da finalización da actuación.

SEXTA.- Extinción (art.51 de la Lei 40/2015)

O presente convenio se extinguirá polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- O acordo unánime de todas as partes.

- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes.

- Por decisión xudicial declaratoria de nulidade

- Calquera outra prevista nas leis.

SÉPTIMA.- Efectos da resolución do convenio (art.52 de la Lei 40/2015)

Cumprido ou resolto o convenio, se levará a cabo a súa liquidación co obxecto de determinar o cumprimento das obrigas e compromisos de cada unha das partes.

Corresponde ao Concello de Silleda elaborar e aprobar a liquidación do convenio. As cantidades resultantes da liquidación deberán aboarse no prazo dun mes.

Cando a extinción veña causada polo incumprimento dunha das partes esta deberá indemnizar ás restantes o dano causado.

E para que así conste, asíñase o presente documento en dous exemplares e no lugar e data sinalados no seu encabezamento.

Asdo. MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ
ALCALDE -PRESIDENTE

Asdo. A PRESIDENTA DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SAN FÉLIX
LUCÍA IGLESIAS MÉNDEZ"

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste convenio.

3º.- PLAN DE AXUDA MUNICIPAL A EMPREENDEDORES.

3.1.- Expte. 726/2019. Visto o escrito con Rexistro de Entrada 5241, de data 28 de decembro de 2018, e anexo con Rexistro de Entrada 898, de data 08 de marzo de 2019 presentado por MANUEL PEÓN IGLESIAS, para albañilería e pequenos traballos de construción / consolidación e preparación de terreos.

VISTAS as Bases Reguladoras de Plan Municipal de Axuda a Emprendedores, publicadas no BOP nº 37 de data 21 de febreiro de 2019 e a proposta da concelleira Ana Luisa Gonzalez Costa, de data 15 de abril de 2019, de recoñecer unha axuda polo importe de 900,00 €; unha vez comprobada a documentación acreditativa dos mesmos, a favor de MANUEL PEÓN IGLESIAS, para albañilería e pequenos traballos de construción / consolidación e preparación de terreos, no lugar de Taboadavella, nº 30, parroquia de Taboada (Silleda).

VISTO o gasto xustificado documentalmente e tendo en conta o disposto nas Bases Reguladoras,

A Xunta de Goberno Local, coa abstención da Concelleira M^a del Pilar Peón Iglesias segundo artigo 76 da Lei de Bases de Réximen Local,

RESOLVE

1. **CONCEDER** a MANUEL PEÓN IGLESIAS, para albañilería e pequenos traballos de construción / consolidación e preparación de terreos, no lugar de Taboadavella, nº 30, parroquia de Taboada (Silleda), unha axuda de **900,00 €**, coa obriga de cumprir con tódalas esixencias das Bases, incluíndo a instalación dun cartel identificativo desta subvención.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as trece horas e trinta e cinco minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretario dou fe e certifico.

Silleda, a 15 de abril de 2019

Vº e Prace
O ALCALDE,
Asdo. Manuel Cuiña Fernández

O SECRETARIO acctal.
Asdo. David García Lareo